

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 25 de setembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez,.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1042).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1043).- ORDENANZA FISCAL XERAL (1).**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 3.09.13 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 30.08.13, que di o seguinte:

*Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral que figura no presente expediente.*

*A presente modificación consiste en completar a regulamentación de autoliquidacións practicadas polos suxeitos pasivos na sede electrónica tributaria do Concello.*

*Mediante o texto proposto regulase conforme a Lei 58/2003 Xeral Tributaria o ciclo completo dunha autoliquidación ata o seu ingreso efectivo así como o procedemento polo que os suxeitos pasivos poden instar a rectificación ou anulación daquela. Puntualízase con un apartado 86.5 a distinción entre “devolucións de ingresos indebidos” e “outras devolucións de ingresos”.*

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85 así como no Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 11.08.2010.

## PROPOSTA

**1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:**  
"MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL" (1).

### TITULO II. OS TRIBUTOS.

#### CAPÍTULO I. OBRIGAS TRIBUTARIAS.

##### ARTIGO 12.- TRAMITACIÓN

3. As peticións das persoas interesadas tramitaranse polo departamento que teña competencia no plan de actuación sectorial ao que se alude no artigo 11.3 anterior así como pola administración tributaria do Concello previa obtención de datos da AEAT.

4. As exencións e bonificacións que afecten a taxas de exacción periódica (padrón fiscal) haberán de solicitarse para cada período impositivo, surtindo efectos para o período impositivo seguinte ao da súa solicitude.

5. Excepcionalmente, para os exercicios 2014-2015, ampliarase o prazo de solicitude ao 30 de xaneiro do exercicio no que surtirá efectos a exención ou bonificación. No caso de solicitudes fóra de prazo que reúnan requisitos para a exención ou bonificación, os contribuíntes poderán acollerse a unha prórroga automática do período voluntario de cobranza ata o 30 de novembro.

6. So terán obriga de presentar a solicitude de bonificación ou exención unha vez as persoas con 65 ou máis anos que vivan sós. Neste caso a administración tributaria actuará de oficio para aplicar ou non a bonificación ou exención nos sucesivos exercicios.

### TITULO III. APLICACION DOS TRIBUTOS

#### CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

##### ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA.

3. O réxime de autoliquidación será supletorio do disposto na correspondente ordenanza en todos os tributos e prezos públicos deste Concello.

No caso de que non se realizase o ingreso dentro da data limite de pagamento que consta na propia autoliquidación provista de código de barras, aquela seguirá o procedemento previsto no artigo 160 e seguintes da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A sede electrónica do Concello dispón de simuladores de autoliquidacións nos que o suxeito pasivo obterá información respecto da contía a ingresar segundo as diferentes variables que afectan a cada feito imponible concreto. Utilizando os simuladores obtéñense borradores que non dan orixe a documento con código de barras, e polo tanto non xeneran ningunha obriga de pagamento.

Sen embargo, cando un contribuínte emite unha autoliquidación con código de barras está cumprindo a obriga tributaria de declarar. No momento no que realiza o pagamento, cumprimenta a obriga tributaria principal. O mesmo sucederá con autoliquidacións emitidas polos servizos tributarios do Concello, no labor de asistencia ao contribuínte de xeito presencial.

Para o caso de que o suxeito pasivo tivera emitido unha autoliquidación con código de barras e data limite de pagamento, e desexara rectificar ou anular aquela, deberá realizar este trámite conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria que regula o procedemento de rectificación de autoliquidacións.

#### TITULO V. REVISION EN VIA ADMINSTRATIVA.

##### CAPITULO II.- PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

##### ARTIGO 86.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

5. Non será ingreso indebido aquel que tivese lugar por incumprimento de obrigas formais por parte do obrigado tributario, así como denegación de licenzas ou autorizacións por non contaren coas condicións esixidas pola normativa da aplicación. Se por aplicación da normativa do tributo, nestes casos, procedera unha devolución de ingresos, realizarase a citada devolución sen abono de xuros.

##### DISPOSICION ADICIONAL

Para o exercicio 2014 actualizárase nun 1,4% o importe dos ingresos brutos per cápita de 3.827€ (5.987€ para familias numerosas), que constan nas ordenanzas vixentes en 2013 para aplicación de exencións e bonificacións, debendo figurar nas correspondentes ordenanzas fiscais para 2014 os importes de 3.881€ e 6.071€ respectivamente.

##### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2014 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido, así como para a inclusión deste apartado 3. do artigo 60 desta OFX en tódalas ordenanzas de tributos do Concello.

## Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **3(1044).- TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN GALERIAS MUNICIPAIS (25).**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 28.05.13 e o informe de fiscalización do 3.09.13, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 03.05.13, que di o seguinte:

*Segundo o artigo 20 do TRLRFL, as entidades locais poden establecer taxas pola prestación de servizos públicos de competencia local que se refira, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.*

*Compete ao Concello de Vigo o servizo de mantemento preventivo e correctivo da Galería de Servizos soterrada que percorre o subsolo da rúa Teixugueiras sendo persoas especialmente beneficiadas por este servizo as empresas que teñen instalado na citada galería cables, tuberías, conducións e outras instalacións.*

*De forma explícita o TRLRFL contén como suposto de taxa por prestación de servizos o apartado q) do artigo 20.4: Colocación de tuberías, fios condutores e cables en postes ou en galerías de servizo da titularidade de entidades locais.*

*Para dar cumprimento ao artigo 24.2 do citado texto legal achegase informe económico no que consta unha estimación para o exercicio 2014 de custes directos e indirectos que ascendería a un total de 97.142 €, límite máximo da totalidade das cotas tributarias que deberán satisfacer os usuarios do servizo.*

*Segundo o anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.*

*No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85 así como no Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 11.08.2010*

#### PROPOSTA

*Aprobar provisionalmente:*

#### **1º) ACORDO DE IMPOSICIÓN E ORDENACION DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN GALERÍAS MUNICIPAIS:**

*En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de réxime local, e de conformidade no disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas locais, o Concello de Vigo establece a taxa pola prestación dos servizos de mantemento das Galerías Municipais.*

## 2º) APROBACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN GALERÍAS MUNICIPAIS.

### ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito impoñible da presente taxa a prestación de servizos ou a realización de actividades consistentes na vixilancia, mantemento e reparación das Galerías de Servizos Municipais, que afecten ou beneficien aos usuarios das citadas Galerías por teren instalados nelas tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento.

2.- A presente taxa de prestación de servizos é compatible coa esixencia das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local calquera que fose ou réxime de cuantificación segundo o previsto no artigo 24 do RDL 2/2004 e Ordenanzas Fiscais números 30 e 35 do Concello de Vigo.

### ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da presente taxa os usuarios das Galerías, que fosen titulares de tuberías, cables, fíos condutores ou calquera outro elemento que se instale nas Galerías de Servizos obxecto de mantemento Municipal.

### ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o previsto en normas con rango de lei ou tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nestas taxas.

### ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase conforme as seguintes regras:

1.- Establecese como unidade mínima de ocupación una sección de 60 cm<sup>2</sup> de superficie tanto para bandexas de cables (10 cm de ancho por 6 cm de alto), como para tuberías e conducións eléctricas e outras.

2.- No caso de que a ocupación se realice en bandexas de 20 cm de ancho, unha ocupación que supere os 10 cm de ancho tributará como dúas unidades mínimas.

3.- O suxeito pasivo abonará, por cada metro lineal ou fracción e semestre ou fracción, de ocupación mínima de ata 60 cm<sup>2</sup>, 1,05 €

4.- No caso de tuberías e conducións eléctricas que non ocupen bandexa e teñan unha sección de superficie superior a 60 cm<sup>2</sup>, establececese a seguinte cota adicional:

- Por cada metro lineal ou fracción e semestre ou fracción, e por cada 10 cm<sup>2</sup> de exceso sobre os 60 cm<sup>2</sup> considerados como ocupación mínima, 0,05 €

### ARTIGO 5.- PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

A taxa devengarase o primeiro día de cada semestre natural e o período impositivo comprenderá dito semestre coas seguintes matizacións:

a) No suposto de inicio do servizo con posterioridade ao primeiro día de cada semestre, o período impositivo comprenderá o semestre natural completo no que se produza aquel inicio, calquera que fose o tempo de utilización dentro de dito semestre.

b) No suposto de cese do servizo con anterioridade ao último día de cada semestre, o período impositivo comprenderá o semestre natural completo dentro do que se produza o cese

**ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.**

1.- Os usuarios das Galerías, suxeitos pasivos desta taxa practicarán autoliquidación e ingreso da mesma por períodos semestrais, no primeiro mes de cada semestre ou no mes seguinte no caso de inicio de utilización da Galería.

2.- Os Servizos Enerxéticos da Concellería de Fomento comunicarán aos Servizos Tributarios do Concello o número de unidades de ocupación de cada titular coas especificacións necesarias para verificación e comprobación das autoliquidacións practicadas.

**ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2014 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e Publicarase o texto no BOP para a súa entrada en vigor.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

**4(1045).- TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL (35).**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 28.05.13 e o informe de fiscalización do 3.09.13, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 17.04.13, que di o seguinte:

O Concello de Vigo en sesión Plenaria de 30 de novembro de 2009 aprobou definitivamente a "Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Utilización Privativa e Aproveitamento Especial Constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadora de servizos de Telefonía Móbil".

A Ordenanza aprobada foi obxecto de recursos Contencioso-Administrativos, presentados polos tres grandes operadores do servizo de Telefonía Móbil que operan no Municipio de Vigo: Telefónica Móviles, S.A. (Movistar) en procedemento número 15143/2010, Vodafone España SA (Vodafone) en procedemento número 15131/2010 e France Telecom SA (Orange) en procedemento 15140/2010.

Respecto dos procedementos 15131/2010 e 15143/2010, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia xa se ten pronunciado, en idénticos términos nas dúas Sentencias, de datas 10/12/2012 e 27/02/2013.

*Este tribunal declarou contrarios a dereito os artigos 1 (Feito Impoñible), artigo 2 (Suxeito Pasivo) e 4 (Base Impoñible) da Ordenanza vixente, fundamentando os seus fallos na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea de 12 de xullo de 2012 e Doctrina do Tribunal Supremo Español reiterada en Sentencias de 10/10/2012, 15/10/2012 e outras posteriores.*

*O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, responde á cuestión prexudicial planteada polo Tribunal Supremo español sobre o artigo 13 da Directiva 2002/20/CE nos seguintes términos: "O artigo 13 da Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de marzo de 2002 relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva autorización), debe interpretarse no sentido de que se opón á aplicación dun canon por dereitos de instalacións de recursos nunha propiedade pública o privada, ou por enriba o por debaixo da mesma, aos operadores que, sen ser propietarios de ditos recursos, os utilizan para prestar servizos de telefonía móbil".*

*A Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 747/2012 en procedemento 15031/2010 recolle o ditado do tribunal europeo:*

*"a solución á que se chega é consecuencia inmediata da Sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 12 de xullo de 2012 que obrigará aos tribunais españoles a corrixir a súa doutrina e incluso ao lexislador a modificar o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para excluír expresamente aos operadores de telefonía móbil non só do réxime especial de cuantificación da taxa senón tamén da obriga de pagar a taxa cuestionada cando, non sendo titulares de redes, o sexa de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas. Desta forma, os operadores de telefonía móbil non terán que aboar taxas municipais polo uso do dominio público municipal se se limitan a utilizar as instalacións de terceiros. A normativa sectorial debe de prevalecer sobre a lei de facendas locais. Obviamente deberán modificarse tamén a regulación das ordenanzas municipais para axustarse aos parámetros da Directiva Autorización e ao conxunto das Directivas do sector ditadas no ano 2002. (literal extraído da Sentencia do Tribunal Supremo de 10.10.12 transcrita no fallo do TSXG en recurso nº15031 2010 formulado contra a ordenanza fiscal de Vigo).*

*Do exposto anteriormente, infírese que resultan excluídos de tributación pola taxa que nos ocupa, aqueles operadores de telefonía móbil que, non sendo propietarios dos recursos (redes, antenas, estacións e outras instalacións) acceden a eles en virtude de dereitos de uso, acceso ou interconexión. Non está en discusión a realización do feito imoñible no caso de operadores que son titulares de elementos que materialmente ocupen solo, subsolo ou voo de vías públicas municipais. Compre acomodar a esta doutrina o contido dos artigos 1 e 2 da ordenanza fiscal do Concello de Vigo.*

*A sentenza 747/2012 declara tamén contrario a dereito o artigo 4 relativo a determinación da cota tributaria recollendo doutrina do Tribunal Supremo español:*

*"Por outra parte, a anulación ten que alcanzar tamén ao art. 4 da Ordenanza, ao partir a regulación da cuantificación da taxa da premisa de que todo os operadores de telefónica móbil realizan o feito imoñible, con independencia de quen sexa o titular das instalacións ou redes que ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, que non se adecúa á Directiva autorización, debendo recordarse, ademais, que a Abogada Xeral, nas conclusións presentadas, ante a cuestión prexudicial planteada, sostivo que "con arranxo a unha correcta interpretación da segunda frase do artigo 13 da Directiva autorización, un canon non responde aos requisitos de xustificación obxectiva, proporcionalidade e non discriminación, nin á necesidade de garantir o uso óptimo dos recursos de que se trate, se se basa nos ingresos ou na cota de mercado dunha empresa, o en outros parámetros que non gardan relación algunha coa dispoñibilidade do acceso a un recurso "escaso", resultante do uso efectivo que faga dita empresa dese recurso.*

*Esta conclusión, aínda que non foi examinada polo Tribunal de Xustiza polas razóns que sinala, é compartida pola Sala, o que impide aceptar que para a medición do valor da utilidade se poida ter en conta o volume de ingresos que cada empresa operadora puíde facturar polas chamadas efectuadas e recibidas no Municipio, considerando tanto as chamadas con destino a teléfonos fixos como a móbiles como recolle a Ordenanza, e ademais, utilizando datos a nivel nacional extraídos dos informes anuais publicados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en canto puiden conlevar a desviacións no cálculo do valor de mercado da utilidade derivada do uso do dominio público local obtido en cada concreto municipio”.*

*Dos fallos anteriormente referenciados conclúese que o feito impositivo queda delimitado pola ocupación material que realiza un operador de telefonía móbil, titular de redes ou conducións, que materialmente ocupen solo, subsolo ou voo de dominio público local.*

*Para determinar as cotas tributarias por esta utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio publico local, compre estar ao disposto no artigo 24 do RDL 2/2004 de 5 de marzo do TRLRFL. De conformidade co artigo 24.1 a) do citado RDL “O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase de acordo coas seguintes regras:*

*Con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros de mercado da utilidade derivada”.*

*Segundo o mandato legal anterior o Concello de Vigo ven utilizando para fixar a contía de tódalas taxas de aproveitamento especial ou utilización privativa de dominio publico local prezos medios de aluguer por m2 e ano de locais comerciais para cada categoría fiscal de solo. Constan as diferentes tarifas nun único texto denominado Ordenanza fiscal das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (Ordenanza 30).*

*Seguindo a mesma referencia obxectiva, do informe tecnico-economico que obra neste expediente e que contén, como punto de partida, os resultados dunha enquisa de mercado de alugueres actualizada, obtéñense os seguintes resultados:*

Categorías rúas:	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
Prezos aluguer m2/ano:	153,14	113,23	103,92	88,17	73,85	47,68 €

*Para a determinación das tarifas propostas no artigo 4º da ordenanza temos en conta unha serie de factores que incrementan ou minoran os valores de referencia anteriores, que xustifican tanto as tarifas como os coeficientes correctores.*

*1.- A ocupación do subsolo urbano como colector de infraestruturas urbanas, (auga, saneamento, gas, electricidade, alumeadado público, telecomunicacións,...) caracterízase porque a utilización de unha unidade de subsolo (calquera que sexa a súa forma de medición: lonxitudinal, en superficie ou en volume) comporta a inutilización dun cantidade maior debido ás interferencias —externalidades negativas— que unha instalación provoca nas demais.*

*2.- A interferencia de usos no subsolo urbano ponse de manifesto, de maneira ostensible, cando una entidade local decide o aproveitamento de subsolo de dominio publico para outros servizos á comunidade como pode ser un túnel ou un parking. Se estas infraestruturas son ubicadas no centro da cidade —que é onde resulta mais imperiosa a súa necesidade— normalmente*



comportará un traslado de conducións e redes de servizos instalados no subsolo que, na súa meirande parte, veñen sendo sufragados pola propia entidade local.

3.- Outra agravante da intensidade do aproveitamento especial do subsolo é o feito da existencia de arquetas ou tapas de acceso á conducións soterradas que se colocan normalmente en beirarrúas e que interfíren o uso común xeral deste ben de dominio público local coas tarefas de mantemento, reparacións, novas acometidas etc. Resulta complicado valorar economicamente esta interferencia, pero non por iso podemos obviar esta realidade. Por simplificar a normativa e a xestión desta taxa non se someterá a unha tarifa específica a ocupación de solo público con arquetas ou tapas de acceso a unha condución soterrada.

4.- A incidencia ou afectación que, como mínimo, supoñen as conducións soterradas de servizos de telecomunicación aparece reflexada na "ordenanza reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para implantación de servizos na vía publicada do concello de Vigo; publicada no BOP nº 18 de 25 de xaneiro de 2002". Determinase nela que as conducións de servizos de telecomunicacións deberán contar con 25 cm. a cada lado, sendo a súa profundidade mínima de 0,80 m medida dende o teito do prisma ata a rasante. Segundo o anterior, unha condución dun metro lineal ocupa unha superficie mínima de subsolo de 7500 cm<sup>2</sup> (0,75 m<sup>2</sup>) considerando os 50 cm a ambos lados máis 25 cm de anchura da condución.

5.- Como contrapunto, polo feito de que as ocupacións que pretendemos gravar estean maioritariamente no subsolo, carecendo estas instalacións das características construtivas de "local" procederemos a reducir os prezos m<sup>2</sup> de aluguer á metade.

Segundo o exposto no anterior apartado 5 as tarifas serían as seguintes:

Categorías rúas:	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
Prezo m <sup>2</sup> subsolo/ano:	76,57	56,61	51,96	44,08	36,92	23,84 €

Considerando a ocupación superficial mínima en subsolo segundo a ordenanza xeral de obras antedita de 0,75 m<sup>2</sup> por metro lineal e obviando as ocupacións en superficie con arquetas e tapas, obtemos as seguintes tarifas por metro lineal de condución soterrada:

Categorías rúas:	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
Tarifa ml subsolo/ano:	57,42	42,45	38,97	33,06	27,69	17,88€

Dito noutros términos que conectan co disposto no artigo 24.1.a do TRLRFL: "o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento, dunha superficie de 0,75 m<sup>2</sup> de subsolo, se os bens afectados non fosen de dominio público" sería:

Categorías rúas:	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
Tarifa ml subsolo/ano:	57,42	42,45	38,97	33,06	27,69	17,88€

Ponderando a consideración de "interese xeral" que establece a lei 2/2003 Xeral de Telecomunicacións para estes servizos xunto coa escasez crecente de subsolo urbano conforme nos desprazamos dende a periferia da cidade cara ao centro, xunto coas interferencias ao uso común xeral que son maiores na cidade compactada que en diseminado, establecemos unha serie de coeficientes correctores que reducen a tarifa anterior:

Categorías rúas:	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup>
Corrector por "interese xeral":	0,4	0,3	0,2	0,2	0,1	0,1 €

Desta forma a tarifa resultante para os aproveitamentos especiais en subsolo publico local mediante conducións destinadas a telecomunicacións móbiles e outras sería a seguinte:

Categorías rúas:	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Tarifa ml subsolo/ano:	22,97	12,74	7,79	6,61	2,77	1,79 €

A ocupación en solo e voo de dominio público grávase corrixindo o resultado obtido da aplicación das tarifas anteriores segundo a intensidade da instalación en solo ou voo de dominio publico local de elementos tales como microceldas, antenas, repetidores e outros elementos colocados nas fachadas dos edificios ou en solo de dominio público.

Así, a suma das cotas resultantes pola ocupación de subsolo nas diferentes categorías fiscais aplicaráselle un corrector de 1,05 para o caso de que o número dos elementos anteditos estivera entre 1 e 100, se os elementos instalados estiveran entre 101 e 200 aplicaráselle o corrector 1,10 e de 201 en adiante, un corrector de 1,15.

Por último como queira que algúns operadores de telefonía móbil resultan obrigados a tributar segundo o artigo 24.1 c) do TRLRFL polos servizos de telecomunicacións que, non sendo telefonía móbil, prestan a través das redes suxeitas a tributación nesta ordenanza, resulta prudente minorar a cantidade resultante da aplicación desta taxa que grava a ocupación material, na cantidade que tiveran ingresado conforme ao apartado 5 do artigo 4 da ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio publico local.

A nova regulación do artigo 4 relativa á determinación da cota tributaria obriga a unha adecuación do regulado no artigo 6 respecto das normas de xestión e ingreso.

A presente modificación axústase ao disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85 así como no Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 11.08.2010

#### PROPOSTA

**1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:**

**"MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDO NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DA VÍA PÚBLICA A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL". (35)**

#### **ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais e outros bens de uso publico municipal, por

*empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil cuxos servizos se presten mediante utilización total ou parcial de recursos da súa titularidade tales como redes, microceldas, antenas, repetidores e outros que ocupen materialmente dominio público municipal.*

#### **ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO**

*Son suxeitos pasivos da taxa as empresas ou entidades explotadoras de servizos de telefonía móbil, con independencia do carácter público ou privado das mesmas, titulares das correspondentes redes, antenas, microceldas ou instalacións a través das que se efectúen as comunicacións.*

#### **ARTIGO 4.- TARIFAS E COTA TRIBUTARIA.**

*As cotas tributarias serán as que resulten da aplicación das seguintes tarifas atendendo á categoría fiscal da rúa sinalada no Anexo da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, onde radique o aproveitamento especial ou utilización privativa.*

*No caso de que o aproveitamento este situado na confluencia de varias rúas aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.*

*No caso de que o aproveitamento estea situado en parques e xardíns públicos, aplicarase a categoría da rúa de mais categoría coa que linde.*

#### **TARIFAS.**

*4.1 Por utilización privativa ou aproveitamento especial de subsolo de dominio público local mediante a instalación de conducións ou redes incluíndo neste aproveitamento as arquetas e tapas inherentes a estas conducións, situadas en solo de dominio público.*

*Por ml ou fracción e ano.*

*Categorías rúas:*

<i>1<sup>a</sup></i>	<i>2<sup>a</sup></i>	<i>3<sup>a</sup></i>	<i>4<sup>a</sup></i>	<i>5<sup>a</sup></i>	<i>6<sup>a</sup></i>
<i>57,42</i>	<i>42,45</i>	<i>38,97</i>	<i>33,06</i>	<i>27,69</i>	<i>17,88€</i>

*4.2 As cotas resultantes da aplicación das tarifas anteriores multiplicaranse polos seguintes coeficientes correctores fundamentados no “interese xeral” a que se refire o artigo 2 da lei 32/2003 Xeral de Telecomunicacións.*

*Categorías rúas e coeficientes por “interese xeral”.*

<i>1<sup>a</sup></i>	<i>2<sup>a</sup></i>	<i>3<sup>a</sup></i>	<i>4<sup>a</sup></i>	<i>5<sup>a</sup></i>	<i>6<sup>a</sup></i>
<i>0,4</i>	<i>0,3</i>	<i>0,2</i>	<i>0,2</i>	<i>0,1</i>	<i>0,1€</i>

*4.3 A cota tributaria resultante da aplicación do apartado anterior aplicaráselle un dos seguintes coeficientes segundo a cantidade de elementos tales como microceldas, antenas, repetidores e outros elementos similares instalados en fachadas de edificios, construcións e mobiliario urbano que ocupen solo ou voo sobre o dominio público:*

<i>de 1 a 100</i>	<i>elementos instalados: coeficiente 1,05</i>
<i>de 101 a 200</i>	<i>elementos instalados: coeficiente 1,10</i>
<i>de 201</i>	<i>elementos en diante: coeficiente 1,15</i>

*4.4 A cota tributaria resultante da aplicación dos apartados 4.1, 4.2 e 4.3 anteriores poderá ser minorada no importe que, eventualmente, o suxeito pasivo desta taxa tivera ingresado conforme ao apartado 5 do artigo 4 da Ordenanza Fiscal nº30 do Concello de Vigo*

**ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN E INGRESO.**

6.1 Os suxeitos pasivos desta taxa deberán realizar en impreso regulamentario que estará a disposición na Oficina Virtual do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) nos primeiros 30 días de cada semestre natural, autoliquidación provisional do correspondente semestre e ingreso da cota resultante.

A minoración a que se refire o apartado 4.4 do artigo anterior non será de aplicación na autoliquidación do primeiro semestre que realice o suxeito pasivo. A partir do segundo semestre obxecto de autoliquidación, poderá minorarse a cota calculada segundo o artigo 4 apartados 4.1, 4.2 e 4.3 no importe ingresado en virtude da ordenanza 30 apartado 5 do artigo 4 no semestre anterior.

Esta minoración será obxecto de regularización nos mesmos términos que a prevista no artigo 6.2 da citada ordenanza 30.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2014 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

**2º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

**3º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.